



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE MOS PARA O ACONDICIONAMENTO DO NÓ DE SANGUIÑEDA, ENTRE A N-120 E A N-550

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Francisco Méndez Iglesias, director da Axencia Galega de Infraestruturas, nomeado polo Decreto 75/2014, do 26 de xuño, facultado para a formalización deste convenio en virtude da delegación de sinatura da presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, con competencia segundo o Decreto 173/2011, do 4 de agosto, consonte co artigo 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e o artigo 11 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

Doutra parte, Nidia M^a Arévalo Gómez, na súa condición de alcaldesa do Concello de Mos, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN



Primeiro. O coñecido como nó de Sanguiñeda sitúase entre a Autovía A-55 e a estrada N-550, no límite sueste do municipio de Mos, e conta cun tráfico importante de acceso aos núcleos do Porriño e Mos. A estrada da Xunta PO-329 une a denominada “glorietta da costilleta” co centro urbano do Porriño e forma parte do citado nó.

Segundo. O contorno urbano consolidado do nó sufriu unha importante transformación nos últimos anos ao aumentar o número de edificios residenciais, como na Avda. de Galicia, e de naves relacionadas co sector terciario. Por este motivo, revitalizouse unha zona que historicamente servía de acceso aos núcleos do Porriño e Mos, ademais de servir de enlace ás arterias de comunicación do sur de Galicia.

Este aumento do aproveitamento do solo non levou parella a consecuente humanización e adaptación ás novas necesidades, que claramente requiren dunha mellora da seguridade viaria e de reordenación de espazos, dando maior protagonismo aos tráfico peonís.

Terceiro. O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas garantir a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

Cuarto. O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

Quinto. A actuación que pretende realizar o Concello de Mos abarca as Glorietas que forman o nó de Sanguiñeda: a da “Costilleta”, baixo a A-55 e a das Angustias, que conecta a N-550 con la N-120, e tamén inclúe os tramos de viais que están conectados coas glorietas: rúa Ramiranes, Avda. de Sanguiñeda, Avda. de Galicia e PO-329.



Esta actuación é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. Así mesmo a actuación redunda na seguridade viaria xa que a estrada N-120 de titularidade municipal, con 265 m de lonxitude entre as glorietas de Costilleta e de Angustias, ten dous carrís de circulación de 3,5 m de ancho e beira vías de menos dun 1 m, por onde transitan a pé e de maneira perigosa os usuarios do entorno. Tamén se actuará na Avenida de Galicia que comparten os concellos de Porriño e Mos pero que só está humanizada no tramo porriñés.

A dobre consideración de complementariedade e de incidencia decisiva na seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Mos ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestructuras.

Por todo o exposto as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto deste convenio é o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e o Concello de Mos para o acondicionamento do nó de Sanguñeda, entre a N-120 e a N-550, para mellorar a seguridade viaria, reordenar os espazos urbanos e mellorar os servizos existentes na zona.

As actuacións desenvolveranse de acordo co proxecto de construción "Acondicionamento do nó de Sanguñeda entre a N-120 e a N-550. Termo municipal de Mos (clave PO/16/013.06) redactado pola Axencia Galega de Infraestructuras, e comprenderán:

Actuacións previas

Execución de firmes e pavimentos

Mellora da rede de drenaxe

Optimización e mellora da rede de alumeadado público

Sinalización, balizamento e defensas

Dotación de mobiliario urbano e xardinería



O orzamento de execución das obras estímase nun millón trinta e oito mil cincocentos oitenta e un euros con corenta e catro céntimos de euro (1.038.581,44 €), IVE incluído.

SEGUNDA.- REQUISITOS.

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Mos cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO.

Ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas do Concello de Mos:

1. Executar as obras obxecto deste convenio.
2. Aceptar a transferencia da titularidade do treito no Concello de Mos da estrada PO-329 entre os PPQQ:0+000 ao 0+170 e asinar a acta de entrega correspondente antes da licitación da obra. A tramitación do expediente de cambio de titularidade realizarase consonte ao establecido no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia. A sinatura deste convenio constituirá o acordo entre administracións afectadas ao que fai referencia a dita lei.
3. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
4. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestructuras. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.



6. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

8. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.

9. O concello deberá dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Vivenda – Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar os gastos de execución das obras e dos contratos accesorios de servizos para o control destas, destinando para iso ata un máximo de NOVECIENTOS NOVENTA E OITO MIL SEISCIENTOS TRINTA E SEIS EUROS (998.636,00 €)-en concepto de obras e ata un importe máximo de ata o 4% do importe da obra que ascende a un total DE TRINTA E NOVE MIL NOVECIENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS DE EURO (39.945,44 €) para os contratos accesorios de servizo de control da execución das obras. con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

Ano	Importe Obra(€)	Importe Servizos (€)	TOTAL
2017	134.581,44	4.000,00	138.581,44
2018	432.000,00	18.000,00	450.000,00
2019	432.054,56	17.945,44	450.000,00
TOTAL	998.636,00	39.945,44	1.038.581,44



As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación da execución das obras e dos contratos accesorios de servizo terá unha repercusión directa no financiamento da AXI, xerando dito importe de adxudicación o límite máximo da contía obxecto de subvención.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Mos xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.



- Os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos de execución das obras e dos contratos accesorios de servizos para o control destas realizados durante o anos 2017 – 2019. En ningún caso serán subvencionables o custo da reposición dos servizos afectados nin o da obtención de autorizacións e dos terreos privados afectados pola execución das obras.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 30 de novembro de cada ano.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestructuras a favor do Concello de Mos, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.



SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestructuras e dun representante do Concello de Mos.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestructuras, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.



NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestructuras publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2017 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

O director da Axencia Galega
de Infraestructuras

(Por delegación de sinatura da Presidenta
da AXI, do 8 de xuño de 2017)

A alcaldesa do Concello de Mos

Francisco Menéndez Iglesias

Nidia M^a Arévalo Gómez